



# A Ciencia tamén se escenifica

O proxecto de divulgación 'Matarratos Darwin' fai do discurso espectáculo

## REPORTAXE

**NATALIA ARIAS**  
 GALICIA

natalia.arias@xornaldeg Galicia.com

A ciencia xa non se resiste nin aos escenarios. Demostrouno o *discurshow* *Matarratos Darwin*, un proxecto innovador que circula polos institutos galegos e que está a punto de dar o salto fora da comunidade ensinando o traballo do naturalista británico. Esta posta en escea, que ideou o profesor de Neurofisioloxía da Universidade da Coruña (UDC) Xurxo Mariño, xestouse cando volvía de dar unha conferencia no seu coche. Buscaba unha forma máis atractiva de divulgar o coñecemento científico e atopouna. "Pensei que un actor podía facer máis atractivos estes contidos, sobre todo para os mozos, que tenden a asociar as conferencias co aburrimiento", explica o docente. Agora o actor Vicente de Souza –Matalobos, Libro de Familia, Los Hombres de Paco– recrea con el a viaxe do artífice da Teoría da evolución á Terra do Fogo, na Patagonia arxentina.

Aínda que Darwin escapaba ao seu campo de traballo, Mariño realizara unha investigación persoal sobre o científico. Decatouse de que había moitas das súas ideas e experiencias que non eran coñecidas e pareceulle un tema axeitado para tratalo no seu espectáculo. Tiña experiencia como orador en Cafés Científicos e puxo a andar o seu proxecto o ano pasado, coincidindo coa conmemoración do bicentenario do nacemento do científico e dos 150 anos da publicación de *A Orixe das especies*. O



O actor Vicente de Souza e Xurxo Martín, durante o espectáculo

FÉLIX SÁNCHEZ TEMBLEQUE

espectáculo relata a viaxe que o investigador fixo arredor do mundo cando contaba con 22 anos de idade. Este fío argumental permítelle a Mariño falar sobre outras moitas cousas. "Explicamos como eran os barcos e cartografía no século XIX, como eran os habitantes da Terra do Fogo, que eran moi distintos dos ingleses e o que supuxo o contacto con aquelas poboacións para Darwin ou como era o traballo dun naturalista", sinala o profesor da UDC. Engade un dato curioso, o científico británico viviu un terremoto durante a súa visita a Chile na mesma zona na que se produciu o do pasado mes de marzo. "Foi a primeira vez que se fixo unha descrición dun fe-

"Os mozos asocian conferencia e aburrimiento"

nómeno deste tipo", lembra Mariño. A conferencia apoiase con imaxes e sons. "Dúas persoas podemos facer o traballo de corenta cun ordenador e mesmo interactuar co público", comenta.

En España a divulgación científica non está ao nivel do mundo anglosaxón ou de Francia, onde os cafés científicos son moito máis habituais. Isto pode cambiar con iniciativas tan populares coma esta. "É como morrer de éxito, xa non temos nin tempo de facer actuacións, mesmo temos un par de representacións apalabradas no CosmoCaixa de Madrid", explica o docente. As próxima cita será o 5 de maio no Centro Cívico de Arteixo. ■

